

Coa bisneta lercha

Cómpre saudar con satisfacción o retorno á actualidade literaria de Paco Martín: alguén posuidor dunha traxectoria narrativa, para os máis novos e para os adultos, na que salientan por dereito propio títulos como *Das cousas de Ramón Lamote*, alén dos conxuntos de relatos *Dende a muralla* ou *Historias para ler á noite*, entre outros.

E é neste último ámbito no que situamos *A bisneta lercha*: un monllo de catro coidados relatos onde nos máis deles o autor aplica un intelixente exercicio de reelaboración, ou subversión se se quer, verbo daqueles relatos que pairaban nas tradicións orais europeas e que logo foron reapropiados para a tradición contística infantil. Deste xeito, retornan arestora, logo de sufriren un proceso de adaptación ou contextualización contemporánea, para os lectores galegos. Velaí como se reconece con certa facilidade o modelo de “A Carapuchiña Vermella” de Perrault, de “O parrulo

feo” de Andersen ou de “O gato con botas” dos irmáns Grimm, en tres dos relatos de Martín, devoltos ao lector actual a través dos títulos: “O parrulo”, “Félix” e “A rapaza que todos querían ben aínda que non a visen senón unha soa vez” correspondentemente. En todos eles o filtro do politicamente correcto resulta por fin ausente e é substituído por un espírito crítico que dalgún xeito radiografía algunhas eivas da sociedade de arestora, que case que son as sempre, axudándose da ironía, dunha imaxinación portentosa ou da axilidade no tratamento da materia narrativa, que resultan moi de agradecer.

Relatos de sempre

 RAMÓN NICOLÁS



Me s m o
Martín non
oculta desvelar as
cartas do tratamento case
“científico” co que opera
ao incluír fragmentos explicativos e ou valorativos
sobre o conto no derradei-

ro dos relatos. Ábrese, con todo, o libro cun relato que non é estrictamente debedor destas reelaboracións senón que se abeira a un ámbito simbólico: en “Perdición” a protagonista repara no mundo dos libros como abeiro ao decorrer da súa propia vida gris, con abondosas referencias aos motivos do relato de tradición oral, que resulta operativo, iso si, para nos mergullar no mundo que homenaxeará ou reelaborará posteriormente.

Paco Martín manexa con habilidade e talento as técnicas compositivas e aquí non dubida en amosalas nas súas mellores dimensións exhibindo o peso da oralidade como medio fundamental de expresión, a estrutura milimetricamente calculada e esas características doses de fantasía e imaxinación que sempre o caracterizaron.

MARTÍN, Paco, A bisneta lercha, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 124 páxinas